

XMC

XORNADAS DE MÚSICA
CONTEMPORÁNEA

SETEMBRO / 2020

Suonosuono

shaping sounds

Sara Méndez, saxo
Carolina Bartumeu, violoncello

Programa

Jonathan Burrows (1960)
Hands (1995)

Karl Naegelen (1979)
La plainte du ney (2011)

Carolyn Chen (1983)
Adagio (2009)

Giovanni Solima (1962)
Alone (1999)

Simon Steen-Andersen (1976)
Next to beside besides #2 (2005)

Pauline Oliveros (1932-2016)
Approaches and departures - Appearances and disappearances (1995)

XMC

XORNADAS DE MÚSICA
CONTEMPORÁNEA

SETEMBRO / 2020

Notas ao programa

Suonosuono preséntase en 'shaping sounds' co movemento como o seu eixo central. A relación do intérprete co seu discurso musical verase influída e analizada durante a execución das obras. Explora os límites da interpretación musical a través dos compositores do noso tempo e cunha combinación inusual que traerá diferentes formas de son, novas e experimentais. Unha hora de música escrita, combinada con improvisación coa que o oínte viaxará da man de Suonosuono con todas as diferentes perspectivas da interpretación musical.

Jonathan Burrows (1960)

***Hands* (1995)**

Hands naceu baixo o concepto de facer un proxecto que se vira en televisión. Una peza para dúas mans creada e interpretada polo coreógrafo Jonathan Burrows cuxa investigación artística contribuíu significativamente á reformulación da coreografía contemporánea de Europa occidental e desafiou ás convencións dos xéneros, as linguaxes e as técnicas. Desde finais do decenio de 1980, a crítica internacional de danza ten eloxiado o seu traballo creativo e inventivo, o seu «uso moi orixinal do movemento», o seu novo enfoque da composición, as súas interpretacións «controladas, discretas» e «inflexibles» e o humor e a «oblicuidade» das súas pezas pouco convencionais e encantadoramente enigmáticas.

Karl Naegelen (1979)

***La plainte du ney* (2011)**

A idea principal de *La plainte du ney* provén dun poema persa no cal se narra o pranto que produce o ney (que significa caña) cando se corta para facer a frauta, xerando un xesto moi expresivo. Nesta peza o compositor, tamén saxofonista, fixo unha intensa investigación sobre o mundo sonoro do saxofón. Neste sentido o corpo está realmente involucrado no proceso compositivo, xa que probou absolutamente todo o escrito. Podemos atoparnos unha forte relación física co instrumento. Por outra banda, a través do xogo de timbres, os cambios abruptos das dinámicas e os rexistros extremos utilizados, o público introdúcese nun espazo

XMC

XORNADAS DE MÚSICA
CONTEMPORÁNEA

SETEMBRO / 2020

sonoro frenético que o envolve e illa como se se atopase nunha experiencia de trance. A versión presentada é unha versión revisada da partitura feita en febreiro de 2020 despois dalgunhas sesións de traballo con Karl Naelgen.

Carolyn Chen (1983)

***Adagio* (2009)**

O Adagio de Carolyn Chen é unha peza na que a percepción e a expresión sensorial é invertida mentres se demostra o que quedaría do sentimento fondo se o material primario (neste caso a música) se retira. Así, no adagio a expresividade maniféstase en múltiples capas. Por unha banda, o público apreza unha obra silenciosa cunha coreografía facial, a única capa perceptible do concepto para o público. Porén, detrás desta 'actuación' está a música de Brucker, un fragmento do segundo movemento da súa sétima sinfonía. Esta música, só audible nos auriculares dos artistas, está escrita nunha linguaxe familiar e provoca instantaneamente unha variedade de emocións neles. Ademais, tamén están as propias reaccións de Chen á experiencia auditiva, verbalizando os seus sentimentos na partitura. Finalmente están os intérpretes, encargados de transmitir o conxunto de expresións ao mesmo tempo que a música e a actuación en si mesma aféctalles.

Simon Steen-Andersen (1976)

***Next to beside besides #2* (2005)**

Giovanni Solima é un dos chelistas máis virtuosos e carismáticos de hoxe en día. Nas súas composicións, en especial na súa peza *Alone*, composta en 1998, amosa un mar de posibilidades sonoras do violonchelo. *Alone* consta de dúas partes moi marcadas que se intercalan, que poderíamos dicir que se opoñen; unha sendo melancólica e melódica, e a outra extremadamente enérxica, estrambótica e aloucada... quizais nos amosa dúas maneiras diferentes de sentirse solxs.

XMC

XORNADAS DE MÚSICA
CONTEMPORÁNEA

SETEMBRO / 2020

Simon Steen-Andersen (1976) ***Next to beside besides #2* (2005)**

A seguinte peza é *Next to beside besides #2* de Simon Steen-Andersen. O ciclo *Next To Beside Besides* é unha serie aberta de traducións coreográficas da peza *Beside Besides* (para violonchelo solista), unha peza que é en si mesma un spin-off da peza para ensemble *Beside*. Suonosuono inicia cunha versión de violonchelo solista, para continuar co dúo de saxo e violonchelo. En palabras de Steen-Andersen "unha peza de música concebida de forma abstracta seguirá sendo a mesma peza aínda que se toque en instrumentos con movementos esencialmente diferentes. Pero, e se a composición abstracta se dirixise cara aos movementos? E se a composición se pensase como unha coreografía para músico e instrumento, co son como consecuencia? Entón a mesma peza soaría completamente diferente en instrumentos con diferentes relacións entre movemento e son. E entón sería a mesma peza?".

Pauline Oliveros (1932-2016) ***Approaches and departures - Appearances and disappearances* (1995)**

Rematamos cunha colaboración entre o dúo e bailarina coa obra de Pauline Oliveros *approaches & departures, appearances & disappearances*. Saxofón, violonchelo e danza experimentan as diferentes posibilidades de achegarse a un son. Preséntase un material onde os principios elementais de acción do son e movemento foron obxecto de análise, procurando as similitudes e diferenzas dos dous campos artísticos e xerando unha linguaxe única. No proceso creativo, buscamos un discurso centrado nas densidades, a riqueza das texturas e a riqueza tímbrica.